



Walleres Venezuela
CHAPA Y PINTURA

TUMBADOIRO
GEAR SOLUTIONS

HUSO
Renewable Services

DROMOSPORT

Activa
Especialistas en movimiento

GOBIK®

BORJA NOVO
REFORMAS EN GENERAL
ESPECIALIDAD EN PIEDRA
CONSTRUCIONES OBRA NUEVA
659148385

MIBSA
Proyectos y reformas
Realizamos todo tipo de reformas y reparaciones en casas y locales comerciales.
Miguel Ibañez Romero
618 14 61 91

I BTT 3H
Resistencia
Cidade de Narón

3 Julio 2022

Organizan:

NARÓN Padroado de Deportes

Colaboran:

CLUB CICLISTA NARÓN
FEDERACIÓN GALLEGUESE DE CICLISMO

Inscripciones en:
www.magmasports.com

MAGMA

Lugar: Sociedad cultural e recreativa a Pombiña, Pedrosa
Circuito de 8 Km. / Dificultad Baja.
Hora de Salida: 10:00h.
Pinchos de confraternidad al finalizar la prueba.

Paixón polo deporte

CENTRO DE FISIOTERAPIA MEDFIS
JESUS BUSTOS DE COLONIA 1345
WWW.FISIOMEDFIS.COM

AV. VIVERO MID. 9
(PLAZA DEL INFERNIDIO)
15403 FERROL A CORUÑA
TEL: 981 32 31 88

Dulce Porto
Estlistas.

NARÓN AUTO
VEHICULOS MULTIMARCA

CENTRO ELITE
SALUD CORPORAL

lookeats

VO FERROL
Vehículos de Ocasión
www.vofarroi.com

SILVER

Servicios y Mantenimientos
DAVID CALVELO
Tfno: +34 60948458
Calvelocores@gmail.com



REGULAMENTO

BTT RESISTENCIA 3H "CIDADE DE NARÓN"


EVENTO	BTT RESISTENCIA 3H "CIDADE DE NARÓN"
LOCALIZACIÓN	NARÓN, A CORUÑA
DATA DE CELEBRACIÓN	DOMINGO 3 XULIO 2022
HORARIO	10:00 A 13:00 HORAS
PERCORRIDO	CIRCUÍTO POR PISTAS DE TERRA DE 8KM APROX Y 130M DESNIVEL + ACUMULADO POR VOLTA
ORGANIZACIÓN	CONCELLO DE NARÓN EN COLABORACIÓN CO CLUB CICLISTA NARÓN

➤ PERCORRIDO.

-O evento terá un só percorrido de aproximadamente 8 km cun desnivel positivo acumulado por volta de 130 m.

-O percorrido do circuío estará debidamente delimitado mediante elementos tales como cintas, vallas, coñecidos... e todos aquelas que a organización considere oportuno para o correcto desenvolvemento da proba sen confusións.

-No circuío haberá diferentes zonas con obstáculos tanto naturais como artificiais que farán que o compoñente lúdico del se vexa incrementado sempre tendo como obxectivo principal a seguridade de todos e todas as participantes.



➤ PIT LANE E ZONA DE RELEVOS:

O percorrido contará cun espazo tipo "pit-lane" con entrada e saída posterior á liña de meta, no que as parellas, poderán realizar os seus relevos sen entorpecer ao resto de participantes. Fóra desa zona, os relevos están prohibidos e descalificarase da proba a quen incumpra a dita regra.

Ao mesmo tempo dentro da zona de relevos só poderá permanecer o participante que espera a dar o relevo, co fin de non molestar ao resto de participantes.

Os relevos faranse co intercambio da pulsera do chip que deberá ir colocada no tobillo do participante (ou o método que no momento da proba se autorice); penalizarase cunha volta o incumprimento da dita norma.



➤ LUGAR DA PROBA.

Sociedade Cultural e Recreativa "A Pombaíña" Pedroso-Narón (A Coruña).





➤ INSCRICIÓN.

-A inscrición para todos os participantes da proba realizarase a través da web MAGAMASPORTS <https://magmaports.es/es>

Prezo das inscricións:

Federados: 18€

No federados: 18€ + 10€ de licenza dun día.

Nota: Os posuidores de licenza anual da Federación Galega de Triatlón ou de Carnet Ciclista terán un desconto de 5,00 na licenza de 1 día.

A inscrición só se considerará efectuada no momento en que esta pagada.

A organización limita a inscrición a 300 participantes por motivos lóxicos e de organización.

A taxa de inscrición no evento inclúe:

- Derecho de participación en **BTT RESISTENCIA 3H "CIDADE DE NARÓN"**
- Dorsal.
- Avituallamentos líquidos e sólidos durante a proba na zona de meta.
- Control de tempos (Chip electrónico).
- Asistencia médica avanzada.
- Seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- Pinchos e refrixerios en fin de proba en zona de meta.

➤ PARTICIPANTES.

- A proba é libre e aberta a todas/as persoas, tendo que pagar 10 euros por seguro dun día para todos os que non teñan licenza deportiva da Federación Galega de Ciclismo. O chip deberase entregar na chegada a meta. A súa perda suporá o pagamento de 50€.

-A idade mínima permitida serán todos aqueles participantes que teña 16 anos cumpridos na data do evento.

- Permítese a participación en bicicletas (E-BIKE), **non** clasificando estas para a clasificación xeral absoluta.

-Os participantes están obrigados a levar posto na parte dianteira da bicicleta o dorsal correspondente durante toda a proba.

-Os participantes que se inscriban na categoría de parellas, deberán realizar o relevo na zona de boxes habilitada para tal efecto.



➤ ORDE DE SAÍDA.

- A orde de saída será por orde de inscrición.
- Os participantes na categoría Ebike sairán desde o último caixón.

➤ CLASIFICACIÓN.

- Para efectos de clasificación da proba, só se contarán como voltas completas as que se realicen antes da finalización das 3 horas de carreira (2:59:59). As voltas rematadas despois das 3 horas serán anuladas.
- A posición de cada participante nas diferentes categorías virá determinada polo maior número de voltas dentro do tempo límite, ata as 13:00 horas. En caso de que varios participantes completen o mesmo número de voltas, considerarase vencedor ao que faga as voltas en menor tempo.
- En caso de que a proba se deba suspender ou parar, por motivos de forza allea ou que non permitan o transcurso dela en óptimas condicións de seguridade para os participantes, o director da proba poderá determinar unha hora distinta á inicial para a súa finalización, ou establecerase a clasificación con base na clasificación no momento concreto.
- Na categoría de "parellas", cada compoñente debe dar un mínimo de 1 volta completa.

➤ CATEGORÍAS E PREMIOS.

- Absoluto Masculino e Feminino
 - Parellas masculino.
 - Parellas feminino.
 - Parellas mixtas.
 - E-Bike
- Os trofeos serán dados ós tres primeiros de cada categoría, menos á categoría E-Bike que se outorgará ó primeiro clasificado.
- A entrega de premios celebrarase o remate do evento na zona de meta onde estará o pódium oficial. Tódolos premiados deberán estar presentes no momento en que empece a cerimonia e respectar tódalas regras referentes ó mesmo



➤ PROGRAMA DA PROBA

08:30 Comezo entrega de dorsais na zona de saída en Pedroso-Narón. 09:45

Configuración grellas de saída.

10:00 Salida

12:55 Peche de entrada o circuíto

13:00 Fin de proba.

13:30 Entrega de premios

13:45 Pinchos e refrescos de confraternización.

15:00 Fin do evento.

*Tódolos horarios aquí reflectidos poderán sufrir modificacións por cuestións organizativas.

➤ ZONA DE SALIDA/META/ PIT LANE

- A zona de saída, meta e pit-lane, estará na **Sociedade Cultural e Recreativa "A Pombiña" Pedroso-Narón (A Coruña)**.

➤ COMPORTEAMENTO.

- Os participantes que vaian montados en bicicleta terán preferencia sobre os que vaian andando coa bicicleta da man, que deberán ceder o paso e non obstaculizar na medida do posible.
- Os participantes que vaian adiantar outro, deberán indicar coa súa voz o lado polo que van pasar (dereita-esquerda) e á vez ter moita precaución.
- Calquera situación antideportiva que sexa vista por persoal da organización será motivo de penalización coa anulación de 1 volta por parte dos comisarios da proba ou a descalificación se o feito se considera moi grave.
- A utilización de atallos ou a saída e entrada no circuíto en diferentes puntos terá como consecuencia a eliminación automática da proba.
- Todo comportamento antideportivo e motivo suficiente para a expulsión da proba.



➤ EQUIPAMENTO

-Cada participante dentro do circuíto deberá levar posto o casco homologado para a práctica do ciclismo, así como o resto dos compoñentes que considere oportuno para o correcto desenvolvemento da súa participación na proba e que non supoñan un inconveniente o resto de participantes.

➤ INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN

-Todos os participantes na proba **BTT RESISTENCIA 3H "CIDADE DE NARÓN"** no momento de aceptar o pagamento da inscrición aceptan sen restricións este regulamento.

-O evento **BTT RESISTENCIA 3H "CIDADE DE NARÓN"** realízase nun circuíto pechado, balizado con cintas, coñecidas, valados, etc nos montes da zona de Pedroso, polo que todo participante deberá respectar ao máximo a natureza do lugar e o seu contorno, sen tirar nada ao solo.

➤ PUBLICIDAD E IMAGEN

-Todos os participantes son libres de captar imaxes e videos da proba. Así mesmo, a inscrición no evento supón a aceptación deste regulamento e a cesión dos dereitos de imaxe de cada deportista para a súa posterior difusión, se procede.

➤ SEGURO DE ACCIDENTES E PÓLIZA DE R.C.

-Cada deportista inscrito na proba contará cun seguro deportivo de accidentes e de responsabilidade civil, contratado pola Federación Galega de ciclismo, o dito seguro ten validez exclusivamente para o día da proba e unicamente válido durante a duración desta. En caso de accidente o deportista (ou un representante) deberá contactar co seguro por tf (está na parte traseira da ficha federativa), para poder ser atendido nun centro concertado en caso de ser necesario.

-A proba contará cunha ambulancia e médico, así como técnicos sanitarios, persoal do club organizador e membros de protección civil para garantir a seguridade dela e poder prestar atención a calquera continxencia que xurda durante o desenvolvemento da proba.

-No caso de traslado dun accidentado a un centro médico, o centro concertado, será o designado polo seguro, imprescindible chamar antes de ir, o tf está na parte posterior da tarxeta federativa.



➤ CANCELACIÓN DA PROBA

-A organización da proba poderá cancelar o evento por causa maior, por causas atmosféricas que desaconsellen a práctica deportiva ao aire libre ou calquera outro motivo que coide oportuno o director da proba para preservar a seguridade dos participantes.

Narón a 13 de Maio do 2022